

A/A SR. CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Luz López Pérez, en representación da organización sindical CCOO, con enderezo a efectos de notificación na Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8, 15.707, Santiago de Compostela, ou no enderezo electrónico luzlopez@galicia.ccoo.es por medio do presente escrito

DI:

Queremos transmitirle con urxencia os seguintes puntos en relación ao Concurso Xeral de Traslados:

A necesidade de solucionar o agravio comparativo que se produciría se as persoas que obtiveron a súa praza por concurso extraordinario de méritos teñen unha orde de prelación superior ás que obtiveron a súa praza por concurso-oposición e concursan desde as prácticas. Non é razoable que obter a praza por concurso-oposición teña unhas condicións tan inferiores para obter o primeiro destino definitivo. No mesmo sentido, tampouco é razoable que xa no seu primeiro concurso de traslados os que obtiveron a praza por concurso extraordinario de méritos entren no mesmo bloque que o profesorado funcionario de carreira que xa estaba anteriormente no sistema, xa sexa con destino definitivo, en expectativa de destino ou con destino provisional.

É necesario abordar modificacións no baremo do concurso de traslados para ter en conta os problemas de mobilidade do profesorado con destino definitivo e o problema do gran número de docentes que levan esperando anos en expectativa con destino provisional, concursando ano tras ano sen obter o seu primeiro destino definitivo. Débense incrementar significativamente as puntuacións dos apartados 1.1.1 e 1.1.2.

É imprescindible tamén asegurar que saen a concurso de traslados todas as vacantes necesarias para que ningún docente quede en expectativa. Se as vacantes afloraron para outros procesos e contabilizáronse é obrigatorio, segundo toda a normativa vixente, que estean dispoñibles tamén no concurso de traslados.

Presentamos propostas, normativa e administrativamente viables, en relación a estes puntos.

Por todo isto **SOLICITA:**

Que se convoquen as mesas sectoriais oportunas e leven a cabo de forma áxil e urxente as actuacións necesarias para poñer solución a este problema.

En Santiago de Compostela a 26 de outubro de 2023.



Asdo: Luz López Pérez
Secretaría Xeral Federación de Ensino de CCOO

